

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 12 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, relativa á publicación das puntuacións definitivas e finalización da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso nas categorías de técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información e traballador/a social, convocado mediante a Resolución do 22 de decembro de 2016.

A base oitava da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 22 de decembro de 2016 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 6, do 10 de xaneiro de 2017), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías de técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información e traballador/a social do Servizo Galego de Saúde, dispón que, logo da publicación das puntuacións provisionais dos exercicios, os/as aspirantes poderán presentar reclamación ante o tribunal, no prazo dos cinco días hábiles seguintes ao da dita publicación, unicamente de existiren erros na confección aritmética da puntuación obtida.

A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na resolución pola cal se aproben as puntuacións definitivas dos distintos exercicios, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Á vista das reclamacións presentadas e do acordo adoptado sobre estas polo respectivo tribunal de selección e elevado ao órgano convocante, este centro directivo, de conformidade coa dita base,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e dar publicidade, a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es), ás puntuacións definitivas obtidas polos/as aspirantes presentados/as en cada un dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso nas categorías de técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información e traballador/a social, convocado mediante a Resolución do 22 de decembro de 2016.

Segundo. Declarar finalizada a fase de oposición do referido proceso selectivo.



Terceiro. Esta resolución poderá ser impugnada polos/as interesados/as nos termos previstos na base 7) e 11) da resolución de convocatoria do proceso.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos

CVE-DOG: ijybe718-0it3-aa70-mgk6-nyqekzgd cem4

